

A ESCOLA DA VIDA

A responsabilidade social sobre a infancia

21.11.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A situación actual do fenómeno do maltrato infantil non é alentador. Segundo os datos do último Informe de aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno en España, entre o 2000 e o 2006, a evolución da poboación vítima de violencia no ámbito familiar experimentou un progresivo aumento, pasando de 2.873 a 6.444 casos.

Os nenos teñen máis probabilidades de ser vítimas da violencia no fogar ca fóra del. As agresións no fogar son tan frecuentes como clandestinas. Pero, a diferenza do que está a ocorrer na nosa sociedade coa violencia de xénero, coa que cada vez está máis concienciada e sensibilizada, no caso do maltrato infantil esta concienciación e sensibilidade só é parcial, aínda que sexa unha realidade que resulta difícil ou case imposible de comprender para a maioría.

Quizais sexa porque é un fenómeno complexo, no que é necesario a implicación de todas as institucións e profesionais que atenden a infancia e a familia dende distintas áreas (sanidade, educación, servizos sociais, etc.) para conseguir as mellores solucións en cada caso. Pero tamén porque resulta vital que haxa unha plena implicación cidadá ante cada golpe ou cada humillación. É necesario que asumamos o problema do maltrato infantil como un problema que nos afecta a todos e no que todos temos a débeda moral de loitar para que se respecten todos os dereitos dos nenos. Cando un cidadán coñece ou observa que un neno pode estar sendo maltratado, que non o dubide, que chame ao Teléfono do Neno, que o denuncie o maltratador ante a Fiscalía de Menores, a Policía ou a delegación territorial da consellería competente, para que así se poida proceder á pertinente investigación. Desa chamada ou desa denuncia pode depender a saúde ou, inclusive, a vida do neno.

Non se pode vacilar, polo tanto, de que o coidado e a defensa da nenez debe ser unha das preocupacións prioritarias e fundamentais do Estado e dos seus cidadáns, e que o sistema político e social fracasará na medida en que non cumpra coa súa finalidade protectora. Doutro xeito, conmemorar o día do neno, o día contra a utilización dos nenos como soldados, o día contra a súa escravitude ou contra calquera outra vexación non terá ningún sentido se o resto do ano esquecemos os seus protagonistas.